

## PROGRAMACIÓN 1º ESO

### OBXECTIVOS MÍNIMOS 1º E.S.O.

1. Coñecer os aspectos básicos do cristianismo.
2. Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso na súa estrutura e a súa expresión histórica, como base de comprensión das distintas relixións.
3. Razoar as respostas que as grandes relixións dan ás preguntas do ser humano sobre a concepción do home e o seu destino último.
4. Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.
5. Analizar algúns dos problemas máis graves que padece a nosa sociedade e que lles afectan radicalmente ás persoas, tales como a fame, a pobreza, a violencia, a guerra, a marxinação e a degradación do medio natural.

### AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

---

Entendemos a avaliación non como un exercicio final que mida os coñecementos dos alumnos, senón como un proceso mediante o cal detectamos se o alumno adquiriu as capacidades expresadas nos obxectivos e competencias básicas.

Trátase, xa que logo, dunha avaliación continua, que se estende a todos os momentos da acción docente. Nos materiais de Relixión esta avaliación continua concrétase do seguinte xeito:

- \* As actividades iniciais de cada unidade didáctica ofrecen elementos suficientes para realizar o diagnóstico da situación dos alumnos (avaliación inicial).
- \* As actividades de estudo inclúen numerosos exercicios que pretenden mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión conxunta (avaliación formativa).

**É importante insistir en que a fe do alumno non é o obxectivo da avaliación, esta haberá de respectar a intimidade da conciencia persoal, que obriga ao educador a avaliar tan só certos aspectos do ensino relixioso:**

**a)** Á hora de establecer os contidos a preguntar nunha proba escrita haberá que valorar en igual medida a adquisición de coñecementos teórico-memorísticos procedentes das diferentes fontes como a capacidade crítica e valorativa que o alumno sexa capaz de desenvolver á hora de enfrontarse coas devanditas fontes.

**b)** En canto ao traballo en clase, valorarase por orde de importancia:

- \* Uso e elaboración de información.
- \* Que o contido se adecúe ao esquema proposto.
- \* A boa redacción, libre de faltas de ortografía.

\* A orde e limpeza dos traballos.

\* O sentido creativo e crítico dos alumnos.

**c)** No caderno de clase o alumno debe recoller todas as actividades propostas, así como as conclusións dos debates, postas en común, apuntes de clase, traballos persoais, etc. realizados durante o curso. O caderno de clase entregárase ao profesor para a cualificación de cada avaliación durante o curso así como ao remate do curso.

**d)** Con respecto a actitude, será conveniente avaliar se o alumno vai poñendo en práctica aquilo que é fundamental na materia: a adquisición de valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo un espírito crítico e solidario.

Así pois os procedementos e instrumentos de avaliación constan dos seguintes indicadores:

\*Tarefas realizadas no aula e a través do blogue da asignatura.

\*Corrección do caderno de clase .

\*Observación directa do alumno (atención, participación, traballo de grupos, comportamento, etc..)

\*Análise, síntese, interpretación, produción, resolución de problemas e o uso da información.

\* A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

**1. ASISTENCIA A CLASE**

Imprescindible para ter en conta o resto das variables.

**2. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO/A**

Supón ata un máximo do 40% da nota.

**3. PARTICIPACIÓN NO AULA**

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ó profesor e compañeiros. Supón outro máximo de 10 % na nota.

**4. TRABALLO EN EQUIPO**

Traballos propostos polo profesor para facer en equipo. Supón ata un 20% da nota.

**6. CUADERNO DE CLASE**

Supón ata un 10 % da nota.

**7. ACTITUDES E COMPORTAMENTO**

Supón ata un 20%